

# PROGRAMA

## **DECANATO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

2022-2026



Profesora Dra. María del Mar Lorenzo Moledo  
**Candidata**

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

# PROGRAMA

**DECANATO DA FACULTADE DE CIENCIAS  
DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
(2022-2026)**

Profesora Dra. María del Mar Lorenzo Moledo  
Candidata

# PRESENTACIÓN

---

Nas páxinas que seguen presentamos as premisas, os eixos e as liñas básicas de actuación propostas por esta candidatura como folla de ruta para o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación no período 2022-2026.

Eixos e liñas que se derivan do Plan Estratéxico da Facultade, dos procesos de renovación de acreditación e certificación da implantación do sistema de garantía de calidade, do diálogo e reflexión mantidos cos membros da nosa comunidade educativa, dos obxectivos da axenda 2030, e da ollada crítica á realidade, e que configurarán as prioridades que deberemos atender no período de goberno, se así o quixer a Xunta de Facultade.

Para acometermos todas as tarefas que temos por diante é preciso contarmos cun Equipo e unha estrutura de xestión sólidos, onde se unan a experiencia e as novas xeracións de profesoras e profesores, chamadas a liderar o futuro. Móvennos a ilusión e as ganas de proxectar con valentía novos retos e posibilidades para unha Facultade que debe marcar a diferenza no eido da educación en Galicia.

Estamos convencidas de que o funcionamento e a mellora deste centro debe ser un proxecto común, unha responsabilidade compartida entre todos e todas, alumnado, persoal docente e persoal de administración e servizos; mais tamén somos conscientes de que é ao equipo de dirección a quen lle corresponde liderar, tomar decisións e organizar a actividade académica para podermos desenvolver o noso traballo nas mellores condicións posibles, e mesmo encamiñar e alentar novos proxectos.

Presentamos, xa que logo, un programa para unha acción que estará sempre aberto a novas ideas, no marco dunha reflexión mancomunada que, como universitarios e universitarias, debemos acometer. Este é un proxecto no que nos gustaría que se identificasen as preocupacións, inquedanzas, obxectivos e arelas tantas veces compartidas.

# PREMISAS

---

As premisas que sustentan esta candidatura son, xa de seu, unha declaración de intencións de como queremos enfocar o exercicio de funcións e responsabilidades para os vindeiros catro anos:

- ♥ Responsabilidade institucional, o que implica dedicación e rendición de contas diante da nosa comunidade.
- ♥ Traballo colaborativo para irmos construíndo, modificando e axustando un proxecto vivo que debe acubillar o sentir de toda a nosa comunidade.
- ♥ Contacto directo coa realidade cotiá, dialogando cos seus protagonistas, co obxectivo de atendermos, no posible, as súas demandas e propostas.
- ♥ Perspectiva de xénero en todas as accións da Facultade.

# EIXOS ESTRATÉXICOS E LIÑAS DE ACCIÓN

---

Propóñense dez (10) eixos estratéxicos interconectados desde os que se concretan as distintas liñas de acción.

## 1. A Facultade como institución

É ben coñecida a separación física (e mesmo emocional) que levamos vivindo dende hai demasiados anos, e que afecta ao día a día do noso alumnado, do persoal de administración e servizos e ao profesorado, pero que tamén condiciona o noso futuro compartido. Somos unha única Facultade e así debemos proxectarnos diante da comunidade universitaria e da sociedade en xeral.

Esta realidade ten que ser representada como un alicerce para xuntar vontades e persistir no reclamo de atención ás demandas xustas da Facultade:

- ◆ Debemos traballar para consolidarmos a identidade da Facultade de Ciencias da Educación, tanto dende unha perspectiva interna (cara a dentro) coma externa (cara a fóra). Para iso será preciso, por unha banda, traballarmos en proxectos compartidos de profesorado e alumnado que nos permitan coñecernos e recoñecernos como membros da mesma comunidade educativa; e, por outra, visibilizar o papel da Facultade na vida da nosa Universidade, reclamando o espazo que lle corresponde na política universitaria.
- ◆ Neste senso, un dos elementos centrais da tarefa que nos agarda para os vindeiros anos será a materialización dun novo edificio, a fin de mellorarmos as condicións de traballo e as sinerxías de colaboración. A Facultade debe estar, e contar, na axenda política do equipo reitoral da Universidade de Santiago de Compostela.
- ◆ A sociedade reclama, cada vez máis, unha Universidade conectada coa sociedade, por iso é preciso alentarmos proxectos que permitan o diálogo bidireccional constante coa comunidade, fomentando a maior presenza de profesionais da educación e das entidades sociais no proxecto formativo da Facultade, favorecendo o desenvolvemento de metodoloxías activas e a apertura das nosas accións de formación e investigación á contorna e situando o Prácticum e as prácticas de campo no eixo destas accións.

## 2. Dirección, órganos de xestión e participación

A responsabilidade de dirixir un centro universitario pasa por liderar e xerar un bo ambiente de traballo, de escoita e reflexión conxunta, que faga posible consensos e acordos sobre cuestións clave do seu cometido académico e de servizo.

Con este obxectivo, adiantamos as seguintes liñas de traballo e propostas de acción:

- Pretendemos unha estrutura de dirección áxil, próxima e efectiva. Para iso, o equipo de dirección estará conformado pola decana, 4 vicedecanatos e a secretaria. Este equipo traballará conxuntamente coas coordinacións de título e de curso.
- Activaremos, daremos pulo e procuraremos máis visibilidade para o traballo das comisións de centro, creando sinerxías a través do traballo compartido, promovendo a realización de actividades que impliquen a alumnado, profesorado e PAS.
- A complexidade de xestión na nosa Facultade recomenda a elaboración dun protocolo de coordinación, que aclare e axilice procesos nos que distintas figuras e entidades están involucradas.
- Colaboración permanente cos Departamentos da Facultade. A este respecto, programaremos un encontro anual sobre coordinación docente (materias, profesorado, proxectos, etc.) que nos permita facer balance e fixarmos obxectivos comúns, co fin de garantirmos unha axeitada atención ás necesidades do PDI.
- Seguir fortalecendo a nosa rede de colaboración institucional ao obxecto de establecermos alianzas para a procura dos nosos obxectivos formativos e de investigación: coa Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) e co Instituto de Ciencias da Educación da nosa Universidade; coas administracións autonómica e local; e coas entidades da sociedade civil e colectivos profesionais.
- Formalizar o Comité Consultivo na Facultade que axude a establecer relacións coa sociedade (empregadores/as, profesionais, etc.), pero tamén como ferramenta de reflexión sobre as relacións da Facultade coa súa contorna máis próxima.

## 3. O alumnado, o foco principal da acción

A razón de ser da institución universitaria é o seu alumnado, presente, futuro e egresado, e así debe reflectirse na vida dunha facultade. A preocupación por ofrecer unha formación de calidade debe ser o obxectivo compartido por todas as persoas que conformamos a vida universitaria. Para iso, traballaremos nas liñas que se presentan de seguido:

- Debemos alentar e favorecer as canles de participación do alumnado nos distintos órganos da Facultade como parte do seu proxecto formativo.

- ♥ Consolidar e deseñar novas accións vencelladas á formación do alumnado no Sistema de Garantía de Calidade do centro, incentivando a súa participación nas comisións, así como a súa implicación no proceso de toma de decisións, con especial énfase no sistema de queixas e suxestións e fomentando a súa participación nas enquisas de calidade.
- ♥ Desenvolver todas as propostas que cada título deseñou no marco do seu Plan de Acción Titorial. Estas propostas facilitan, entre outros, o acollemento do novo alumnado cada curso académico, o seu seguimento persoal, académico e social.
- ♥ Deseñarase, xunto coas coordinacións de título, un plan para posibilitarmos ao alumnado un achegamento á realidade social e laboral na que terán que desenvolverse como profesionais.
- ♥ Neste mesmo senso, a dinámica investigadora e de extensión social e cultural deberá ser unha oportunidade para que o noso alumnado coñeza e se implique na actividade de grupos de investigación ou en distintos proxectos que se desenvolven na e desde a Facultade.
- ♥ Debemos establecer canles de comunicación institucional máis áxiles e directas co noso alumnado, evitando o exceso de comunicacións e a duplicidade de información.
- ♥ Deseñaremos un plan de traballo para fidelizar aos nosos egresados/as coa institución. Eles e elas son o noso mellor indicador daquilo que facemos ben, máis tamén de todo o que nos queda por avanzar. Son unha canle que nos conecta coa sociedade e co mundo laboral, un capital social que debemos incorporar nos nosos procesos.
- ♥ Como parte da súa formación, ofreceremos ao alumnado un programa de Orientación Laboral que lles permita coñecer as demandas do mercado laboral e as súas posibilidades e como enfrontarse a nova situación.
- ♥ Atenderemos as demandas de formación específica do noso alumnado, explicitadas, entre outras, nas sesións de avaliación dos títulos. Entre elas, está a formación en temas de xénero, unha demanda que xa se recolle na Acción 2.4 do III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, no que se prevé o deseño dun módulo sobre prevención da violencia de xénero no ámbito escolar (Infantil, Primaria e Secundaria).
- ♥ Debemos facer un esforzo por ampliar as posibilidades de saída do alumnado nos programas de mobilidade, abrindo novos convenios con institucións coas que colaboramos en proxectos internacionais.
- ♥ Cómpre contarmos cun programa de acollemento ao alumnado de SICUE e ERASMUS.

## 4. O Persoal Docente e de Administración e Servizos

Para desenvolvermos as distintas accións será preciso o compromiso, o esforzo e a ilusión de todo o persoal docente e de administración e servizos da Facultade. Todos e todas son peza imprescindible para encarmos un proxecto compartido no que cada quen achegue o seu esforzo e bo facer.

Concretamente, queremos traballar nas seguintes iniciativas:

- Apoiar aos Departamentos da Facultade no deseño, actualización e optimización do seu cadro docente diante dos órganos de goberno da Universidade.
- Desenvolver un traballo de coordinación cos/as responsables das distintas unidades e servizos da Facultade, atendendo as súas demandas e facéndoos partícipes da toma de decisións.
- Mellorar a calidade de vida no traballo, activando accións que redunden na saúde e benestar do persoal.
- Potenciar a innovación educativa nas nosas aulas, apoiando ao profesorado nas súas iniciativas, que, en moitos casos, xa están a desenvolver, por medio dunha convocatoria propia de proxectos e visibilizando as distintas accións dentro e fóra da universidade.
- Poñer en marcha un plan específico de formación xunto cos departamentos e facilitar o desenvolvemento docente para o profesorado, atendendo as súas demandas, sobre todo as do profesorado máis novel.
- Apoiar as distintas iniciativas científicas, de formación e transferencia do profesorado da Facultade.
- Traballar cos departamentos da Facultade para analizarmos as posibilidades de artellar un protocolo que permita ao noso profesorado optar á mobilidade docente, o que redundará na mellora do noso traballo e proxección non so individual senón tamén institucional.
- Aproveitar todo o potencial do noso profesorado para atender novas necesidades e demandas formativas.
- Abrir canles máis dinámicas para que o noso profesorado Emérito, Ad Honorem e Xubilado poida achegar a súa experiencia, presentando e desenvolvendo iniciativas e/ou proxectos na Facultade.



## 5. A Docencia

A docencia é unha das tres misións que temos como entidade educadora. Moitas das anteriores iniciativas van encamiñadas a fortalecermos este eixo introducindo procesos de mellora. Con todo, cremos que existen unha serie de elementos que merecen unha especial atención:

- ♥ O Prácticum. Sen dúbida é unha materia central na formación do noso alumnado, e mesmo un elemento de grande proxección da Facultade:
  - ♥ Elaboración do protocolo de Prácticum de Educación Social e Pedagogía.
  - ♥ Seguimento de institucións/entidades e axuste ás necesidades do Prácticum.
  - ♥ Revisión e reclamación do recoñecemento da supervisión universitaria do Prácticum.
  - ♥ Favorecer a relación entre titores/as e supervisores/as universitarios/as de prácticas.
  - ♥ Elaboración e revisión dos protocolos de acollida nos centros.
- ♥ O Tralado de Fin de Grao (TFG) e Tralado de Fin de Máster (TFM). O número de titulacións de grao e de mestrado da nosa Facultade implica unha notoria mobilización de activos para a dirección de traballos e avaliación, non só diante do titor/a, senón tamén diante de tribunais:
  - ♥ Apoio aos mestrados que se desenvolven dende a Facultade, colaborando na súa divulgación e nas xornadas de presentación con accións específicas que redunden na súa mellora.
  - ♥ Potenciación de sesións de información e orientación para a elaboración do TFG.
- ♥ Reforzo e visibilización do papel dos servizos da Facultade na docencia, nomeadamente a Biblioteca, o Servizo de Recursos Psicopedagóxicos e a Unidade de Investigación e Intervención en Dislexia.

## 6. A Investigación

A investigación que se fai na nosa Facultade ten amosado, nos últimos anos, o seu liderado na área das Ciencias Sociais. Os datos así o confirman: a produción dos departamentos, os grupos de investigación recoñecidos, os proxectos de investigación nacionais e internacionais competitivos, etc. Aínda así, esta segunda misión da Universidade resulta bastante descoñecida para o noso alumnado e mesmo no conxunto da Universidade.

Neste contexto propomos as seguintes liñas de acción:

- Colaboración coas CAPD para o desenvolvemento dos Programas de Doutoramento, apoiando as súas accións e propostas. Concretamente, dende a dirección do centro proporase unha xornada de formación dirixida ao alumnado sobre a carreira investigadora.
- Soporte institucional e organizativo aos eventos científicos que se celebren na Facultade.
- Coordinación cos GI para facermos chegar as súas actividades á nosa comunidade educativa.

## 7. A lingua e a cultura galega

Á Facultade de Ciencias da Educación correspóndelle un papel de primeira orde na responsabilidade colectiva de preservación da lingua e cultura galegas que é consecuencia do valor multiplicador que o seu alumnado egresado terá na sociedade no seu futuro desempeño profesional. Nesta Facultade fórmanse os/as especialistas e profesionais do campo da educación que, coas súas actuacións lingüísticas e actitudes cara á cultura, marcarán as futuras xeracións.

Con este obxectivo propomos as seguintes liñas de acción:

- Procurar unha formación acorde cos principios que emanan da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* e cos actuais posicionamentos ecolingüísticos de valoración da multiculturalidade e o plurilingüismo.
- Mellorar e afondarmos na identificación da Facultade co galego como lingua propia de Galicia e da USC.
- Promover unha acción cultural que propicie a implicación do estudantado nos propios recursos culturais da contorna (Mupega, Bibliotecas universitarias e biblioteca pública, actividade cultural da cidade...) e na participación activa e na colaboración cun programa cultural propio, rico e variado.
- Impulsar unha axenda cultural propia que complemente a formación do alumnado da nosa Facultade e xere espazos de convivencia e actividade compartida que afonde na relación entre o profesorado e o alumnado das diversas titulacións.
- Queremos, tamén, pór o foco na Biblioteca da Facultade, que, cos seus espazos e recursos humanos teñen un importante potencial para a acción cultural, acollendo actividades e dando pulo á aprendizaxe do seu uso, de xeito que no futuro os/as profesionais da educación saídos da Facultade teñan unha implicación coa biblioteca como espazo esencial dos centros educativos e cos Plans de Mellora das Bibliotecas Escolares.

## 8. Os recursos materiais

Todas e todos somos moi conscientes do esforzo despregado nos últimos anos por mellorar as nosas condicións de traballo renovando espazos, recursos, etc., mais este é un apartado que require de atención permanente para ir cubrindo as necesidades sobrevindas e proxectar un plan de futuro:

- ♥ Diseñar un plan plurianual que atenda, cos recursos dispoñibles, ás necesidades da Facultade a curto e medio prazo.
- ♥ Facilitar a articulación de espazos e de actualización de recursos didácticos axeitados para a docencia e para o traballo do PDI e PAS.
- ♥ Xestionar o mantemento das infraestruturas físicas e tecnolóxicas da Facultade, de xeito permanente, atendendo ás demandas de recursos tecnolóxicos.
- ♥ Renovar e actualizar os espazos comúns da Facultade, especialmente no edificio do Campus Norte.

## 9. A relación coa contorna

A Facultade de Ciencias da Educación é unha institución pública e ten a responsabilidade de promover procesos con impacto na sociedade.

- ♥ Impulsar a apertura e o diálogo permanente cos axentes sociais, xerando sinerxías que contribúan a mellorar, de forma coordinada, a vida das persoas.
- ♥ Apoiar as accións de transferencia de coñecemento cara á contorna, non só para contribuír ao seu desenvolvemento sociocultural, senón tamén como fórmula de progreso social.
- ♥ Promover o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas activas, participativas e con impacto social.
- ♥ Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da Facultade en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.
- ♥ Implicar a facultade no compromiso coa conservación e a mellora do medioambiente.

## 10. Calidade como eixo transversal

O Sistema de Garantía de Calidade da facultade busca propiciar a mellora continua do centro, permitindo acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela. O centro ten o firme compromiso de garantir a calidade no desenvolvemento dos seus programas formativos, coa finalidade de asegurar a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes e consolidar as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos.

- Revisión periódica da Política de Calidade do centro.
- Certificación da implantación do sistema de garantía de calidade. Programa *Fides Audit*, se fora o caso.
- Elaboración do novo plan estratéxico.
- Revisión e modificación de memorias dos títulos de grao para adaptalas ao esixido no RD 855 e ás indicacións dos avaliadores/as externos.
- Redacción do título de Máster Interuniversitario en Innovación Educativa.
- Renovación da acreditación dos títulos de máster.

# O EQUIPO

---

Profa. Dra. María del Mar Lorenzo Moledo. Decana

Profa. Belén Castro Fernández. Vicedecana

Prof. Dr. José Eugenio Rodríguez Fernández. Vicedecano

Profa. Dra. María López Sáñez. Vicedecana

Profa. Dra. Lorena Casal Otero. Vicedecana

Prof. Dr. Jesús García Álvarez. Secretario

